



## VII Torneo de Xadrez Concello de Meis

*O TORNEO BATE RÉCORD DE PARTICIPACIÓN NA SU SÉPTIMA EDICIÓN*



O 7 de xullo tivo lugar o VII Torneo de Xadrez Concello de Meis. O evento se celebrou no Campo da Feira de Mosteiro en Meis, en horario de 11 a 14 horas. O torneo xogouse polo sistema suízo a 6 roldas cun ritmo de xogo de 10 minutos por xogador para toda as partidas, máis un incremento de 5 segundos por xogada realizada.

Participaron un total de 56 xogadores, dos cales 17 tiñan rating da Federación Internacional, 7 participantes femininas e máis do 60% eran xogadores menores de 16 anos.

Todo iso fai que a proba se consolide, acadando a súa maior afluencia de participantes nestes 7 anos, e fai que, para o xadrez galego, a data do 7 de xullo sexa unha cita á que non poden faltar os xogadores da provincia e da comunidade.

O torneo estivo moi disputado, ata o punto de que o campión se decidiu na última partida entre Cristian Duarte e Brais Moreira, que ata ese momento empataban no primeiro lugar da xeral. Finalmente, a vitoria foi para o xogador do Xadrez Portas, Cristian Duarte Blanco, que completou un torneo perfecto, gañando as seis partidas. Seguíronlle no podio o xogador da Escola Xadrez Pontevedra, Brais Moreira Novo, e o terceiro lugar foi para Antonio Susavila Muñoz do Xadrez Padrón.





O premio para o mellor xogador local foi para Camilo Ojea Bouzo, que rematou no quinto lugar da xeral. Un premio que ten a súa relevancia ao ser Camilo un dos grandes impulsores do xadrez na localidade.

Entregáronse medallas a todos os participantes e pechou o evento por parte do Concello de Meis o concelleiro de Cultura, Manuel Muñoz, que resaltou o éxito que vén acadando o torneo e o grande crecemento exponencial nestes anos, augurando un futuro próspero para o xadrez da comarca.

Por primeira vez e como actividade complementaria, realizouse un Obradoiro de xadrez dirixido polo Mestre Internacional e director técnico da Escola Xadrez Pontevedra, Daniel Rivera. Houbo unha gran afluencia dos máis pequenos da localidade e tamén de persoas non tan pequenas que tiñan ganas de achegarse ao mundo do xadrez e recibir as súas primeiras ensinanzas do xogo.

Os deixamos as ligazóns de interese:

[Clasificación final e resultados do torneo.](#)

[Galería de fotos.](#)

[Instagram do seguimento do evento.](#)

